

Ilda vivía nunha torre ergueita sobre unha gran rocha no cabo do mundo. Un día o lobo, o corzo e o xabarín fixeron un pacto con ela.

Uxio Novoneyra cóntamnos neste libro unha fermosa historia do Courel envolta en aires de lenda, imaxe das xuventudes illadas pola emigración e que, á súa vez, emigraron por ese illamento.

Un regalo para namorados. Un texto para lectores e lectoras de toda idade.

Nesta colección: *O cubil do xabarín*  
*Gorgorín e Cabezón*

A partir dos 5 anos



9 788426 337276



CONSELLERÍA DE CULTURA  
COMUNICACIÓN SOCIAL

Dirección Xeral de Promoción Cultural

1 - 4

Subvencionado pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunidade Autónoma de Galicia, Dirección Xeral de Promoción Cultural.



RO 14.296



Coordinador da colección: Xulio Cobas Brenlla

*Uxío Novoneyra*

---

## **ILDA, O LOBO, O CORZO E O XABARÍN**

---

© Uxío Novoneyra  
© Editorial Luis Vives, 1998  
Diseño da cuberta: José Antoniín Velasco  
ISBN: 84-263-2727-9  
Depósito legal Z. 1583-98  
Obradoiros gráficos Edelvives  
50012 Saragossa



Obradoiros Gráficos Certificados ISO 9002  
*Printed in Spain*

Prohibese a reproducción total ou parcial desta obra baixo  
calquera forma, sen a autorización, previa e por escrito, dos  
titulares do copyright, excepto citas, sempre que se mencione  
a súa procedencia.

Ilustrado por

*Manuel Ubía*

Edición, preparación e normativización por

*Xulio Cobas Brenlla*

**EDELVIVES**


Ilda vivía entre os tesos,  
nun torrepenelo.

Unha torre  
ergueita sobor dunha gran  
rocha no cabo do mundo.

A súa mai morrera  
daquel único parto  
e o pai nunca a levou  
consigo nas súas  
vixes á corte  
nin ós castelos  
e pazos veciños.



Así medrou Ilda, illada na torre,  
sen ver máis mundo do que divisaba  
da fiestra oeste do castelo  
dende onde olla cruzar as xentes  
polo camiño real  
namentres maxina a gran cabalgata  
en que partirá lonxe  
cando sexa desposada.



ala delta



liberon

ala delta



Un día que non está o seu pai  
—criados e familiares andaban todos  
en faenas de fóra—  
a doncela baixou ó patio do castelo  
ver as gaiolas do lobo, o corzo  
e o xabarín que lle regalaran vivos  
os monteiros á volta da derradeira  
cazata de inverno.



Ó pararse diante das gaiolas oiu  
unha voz rouca.

Era o xabarín:

— ¡Dona Ilda! Se nos  
devolves ó monte,  
prométoche andar  
tódalas serras de Galicia  
e León e pedirlle  
a tódolos xabariños  
que se venían morar  
ó Courel encol do castelo  
de teu pai.





Axiña correrá a nova  
de que aquí hai tal  
abundancia de caza  
que virán moitos mozos  
e apostos cabaleiros  
chamados por ela.

E, como en toda  
a redonda non hai outra  
mansión coma este castelo,  
nel se hospedarán.

Ó verte, moitos prendaramse  
da tua rara beleza e ti poderás  
escoller de entre eles  
ó mozo máis galán.



— ¡Outro tanto prometo  
eu! —dixo o corzo, que inda só tiña  
unha galla na corna — e, antes  
de que teña tres gallas,  
terás ti amor.




O lobo engadiu:


— E eu pedireille  
a tódolos lobos do Courel  
que partan comigo  
a outras serras para  
que corzos e xabariños  
incen e se multipliquen.



ala delta




ala delta




A doncela, ida de ollos,  
xiraba en soños.

Deu unha volta polo patio do castelo,  
baixou a ponte levada e, asomándose,  
mirou por se vía alguén ó cerca.



Ó non ver a ninguén,  
tornou ás gaiolas para tomarllas  
xuramento comezando polo lobo  
que, en voz potente, selou o pauto  
con estas palabras:

—Xuro pola «Manga Raxada»  
e polos meus antepasados, todos  
reis da serra, cumplir  
o prometido. E, se non  
cumprira, que non viva  
eu máis, como os poderosos,  
do traballo e do sufrir alleo;



que non atope manteza  
e morra riba dunha pena  
ou baixo dunha uceira  
na nevarada.




— ¡E a nós que nos coma  
o lobo! —xuraron á súa vez,  
con menos énfase, o corzo  
e o xabarín.



Entón a doncela abriu as gaiolas  
principando polas do corzo  
e o xabarín e, pasado un pouco,  
por se acaso, a do lobo.




Era esto en remates de Primavera  
e, a comezos do Outono, as xentes  
da contorna, ó par que se felicitaban  
porque os rabaños non eran preados,  
laiábanse das alladas que o xabarín  
facía en prados e agros.




Os camiñantes que cruzaban a serra  
deron en ver grandes fatos de corzos  
nas altas fontes e, tal como predixera  
o xabarín, a sona de tal abundancia  
correu como o lume polas comarcas  
próximas, estendéndose logo por toda  
Galicia e León onde, á súa vez, a caza  
maior desaparecería.

Axiña deron en chegar moitos señores con gran séquito de criados e monteiros, hospedándose os máis principais no castelo.




Moitos deles prendáronse da rara beleza de Ilda, labrada a soedade e soños, mais ela só foi ollos para aquel a quen presentiu tan certo que, namais que chamar á porta, soubo que era el.

O galán demorou a súa estancia da primeira castaña á última folla e foi e veu e tornou, pediulle a man de Ilda ó señor do castelo para, dunha vez, voltar con gran cabalgata mesmo o tal que ela soñara.




Pasadas as vodas, chega  
o intre de partir.

Deixando o Alto Courel, pechado  
por tres montes, xusto onde deixa  
de verse o castelo o camiño debroca  
para o río e cruza unha ponte.





Ali, pé de cada monte, o lobo,  
recén volto, o corzo, con dúas gallas,  
e o xabariño, cos seus respectivos  
fatos apatacuñados tras deles  
cubrindo todo o monte ata o cimo.



Indo Ilda no mesmo medio da ponte,  
todos a unha ceibaron  
un demorado laio, prolongado  
por tódolos tesos como unha total  
despedida da mai serra.

Non se sabe se Ilda, a doncela,  
é a mesma Dona Ildara  
que inda hoxe, despois de varios  
séculos, anda en boca das xentes  
do Courel, onde quedan restos  
da torre e algún que outro lobo,  
corzo e xabariño fóra da lenda.





De Visuña, ó Couto.



Se a neve apura,  
do Couto ó soulo  
en dereitura.



Ou por Lago, ós Chaos de  
Outeiro  
por en de fronte do Fedo,  
por debaixo de Campelo,  
polo Real do Carbedo  
de cara ó torrepenelo,  
cara ó castelo rocheiro  
no que inda está Dona Ildara  
posta na fiestra pera Tara



vendo o camiño e o Lor,  
anque sen ver que se move,  
oíndo o amplo rumor  
que do val ate ela sobe  
e agardando ó seu señor.



O mesmo que, ó outro lado,  
pola banda da Seara,  
nun covallo, anseiosa,  
agarda Dona Briosa.  
Ambas agardan por el  
entre aldeas —lenes fumes,  
a cor do ucedo nos cumes—  
cal se agarda no Courel.

(Do Libro de Rotas/Ámeto Mítico)



## COLECCIÓN ALA DELTA

### Serie Amarela. A partir dos 3 anos.

9. *Cacariño, Cacarabín*. ANTONIO GARCÍA TEJERO.
10. *Rufo e Trufo sobre o telado*. CARME GARCÍA IGLESIAS.
18. *Rabibranca*. LOURDES MACEIRAS.

### Serie Vermella. A partir dos 5 anos.

1. *A incríble historia de Claudina*. XOSÉ ANTONIO PEROZO.
2. *O cubil do xabarín*. UXO NOVONEYRA.
3. *Pola rúa dos versos*. ANA M.º FERNÁNDEZ.
11. *O baxerote Fru-fru*. MONTSÉ GRINSA.
12. *A princesa que perdeu o seu nome*. PILAR MALEOS.
13. *O corteiro que se converteu en carta*. ALFREDO GÓMEZ CERDA.
14. *Tomé e o lapis máxico*. RICARDO ALCÁNTARA.
16. *Gorgorín e Cahezón*. UXO NOVONEYRA.
17. *Trabaliñas para xogar*. XULIO COIBAS BRENA. A.
21. *A escola de Medrapouco*. DIVINA NOVA SUDANE.
22. *Adixiñas para xogar*. XULIO COIBAS BRENA. A.
23. *O rei de Ovisterre*. SEGUNDO VENTÍN CERVINO.
24. *O cabalo de cartón*. ANTONIO GARCÍA TEJERO.
30. *Cendo Arturo escapou da casa*. XUÁN FARIAS.
31. *As tundas do corredor*. AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ.
38. *Oliña de azucré*. ANA M.º FERNÁNDEZ.
43. *¿Quen traballa na casa?* RICARDO ALCÁNTARA.
45. *Pinturiño*. MANUEL ULLA.
50. *Illa, o lobo, o corzo e o xabarín*. UXO NOVONEYRA.

### Serie Azul. A partir dos 8 anos.

4. *A Neno Branco de Vilamazán*. XOSÉ RAMÓN MARIÑO.
5. *¡Ai, cando lle conte a Uxía...!* FINA ROUCO.

6. *O banqueiro*. JESÚS BALAZ.
7. *Lenxe do mar*. AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ.
8. *Kuramoto Cachés, o meu robot xaponés*. XOÁN BABARRO.
15. *O dente de Clara*. ANA EXPOSITO VALLE.
20. *¡Estás coma unha cabra!* ELENA O'CALLAGHAN I DUCH.
29. *O amigo que veu do mar*. MARIANO VARA.
35. *¡Vaische boa!* M. ÀNGELS BOGUNYÀ.
37. *A princesa do cabalíño café*. XOÁN BABARRO.
39. *Desde o corazón da mazá*. XOÁN FARIAS.
40. *Benvidos*. MANOEL RIVEIRO.
44. *Liñio aprende a ser indio*. XOSÉ RAMÓN MARÍÑO FERRO.
46. *Clara*. RAFAEL LLORENS.
47. *Sabotaxe na Estaca de Bares*. MANOEL RIVEIRO LOUREIRO.

**Serie Verde. A partir dos 10 anos.**

19. *Á de coroo*. ENRIC LARRETA.
25. *Un berrío no silencio da noite*. XOSÉ ANTÓN PET POSSE.
26. *O bordón e a estrela. De Roncesvalles a Náxera*. JOAQUÍN AGUIRRE BELLVER.
27. *O camiño de Santiago. 2.ª Parte*. JOAQUÍN AGUIRRE BELLVER.
32. *Os gatos de Venecia*. XOSÉ ANTONIO NEIRA CRUZ.
33. *A primeira pedra*. MANOEL RIVEIRO.
34. *O gato Meu*. MERCE COMPANY.
41. *O iorques de ouro*. LOURDES MACEIRAS.
42. *Ainda quedan piratas na Costa da Morte*. CONSUELO XIMÉNEZ DE CISNEROS.
48. *¿Quer. lle di ¡non! ás drogas?* RICARDO ALCÁNTARA.

**Serie Marrón. A partir dos 12 anos.**

28. *O caso das chaves desaparecidas*. ANTONÍN CORTIZAS AMADO.
36. *Fantasia en re maior*. ANTONIO GARCÍA TEJERO.
49. *Alba, unha aprendiza de melga*. NACHO PÉREZ.